

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE VIGO**

ANUNCIO do inicio do prazo de presentación de solicitudes para os procesos selectivos da oferta de emprego público dos anos 2017, 2018 e 2019.

No *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 17 de novembro de 2020 publicáronse as bases específicas das prazas de enxeñeiro/a de camiños, canles e portos, enxeñeiro/a industrial, enxeñeiro/a técnico/a industrial e técnico/a de administración xeral, incluídas nesta segunda fase da convocatoria.

As bases xerais dos procesos selectivos derivados da execución da oferta de emprego público correspondente aos anos 2017, 2018 e 2019 publicáronse no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra do 7 de xullo de 2020.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte (20) días naturais contados a partir do seguinte a aquel en que apareza o anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial del Estado* para persoal funcionario, sexa pola quenda libre ou por promoción interna, e laboral pola quenda libre e anuncio da convocatoria no *Boletín Oficial* da provincia, para persoal laboral pola quenda de promoción interna.

Os sucesivos anuncios referentes a estas convocatorias unicamente se publicarán no *Boletín Oficial* da provincia de Pontevedra e no taboleiro de anuncios da corporación, xuntamente coa páxina web municipal www.vigo.org

Vigo, 18 de noviembre de 2020

O alcalde

P.D. (Delegación competencial polos decretos do 18.6.2019, 26.6.2019 e 2.9.2019 e acordos da Xunta de Goberno Local do 20.6.2019, 4.7.2019 e 5.9.2019)

Elena Espinosa Mangana

Tenente de alcalde e concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal

